

Xuan da BURRA y Xuan el OSO

↓ Alberto Álvarez Peña

Este é un conto tradicional que nos cuntou en Uviéu Balbía Fernández Braña, que foi nacida nel lugar de Cuía, en Bustelo del Camín (Grandas de Salime), el cinco de novembro de 1998, a os 97 anos d'edá. Diz asína:

"Un fillo díxolle al padre que marchara polo mundo col burro, ye marchóu. Chegóu a un sitio ye víu a ún qu'arrancaba árboles e díxolle: "¡Qué valiente!". Contestóulle el outro: "Xuan da Burra é máis". Claro, díxo él: "Xuan da Burra son eu" ye xuntóuse con él. Chamábase Xuan dos Pinos. Atoparon outro home que taba labrando con bois y levantábalos con arado ye todo. "¡Coimas, qué valiente!", e díxo el home: "Xuan da Burra é más". Ye... "Xuan da Burra son eu". Conque marcharon os tres Xuáis, Xuan da Burra, Xuan dos Pinos y Xuan dos Bois ye chega-

ron a un sitio que yes gustóu pra facer úa casa. Poñéronse a traballar ye taba Xuan dos Pinos asando un carneiro mentres os outros trabayaban pero abríuse úa pena ye marcharon col carneiro. Al outro día taba Xuan dos Bois asando outro carneiro ye... tres cuartos del mesmo. Quedóuse entoncias Xuan da Burra asando el carneiro, abríuse úa pena ye ¡ras!, marchaban col carneiro, pero Xuan da Burra agarróuse ás patas d'atrás y ún tiraba dentro y el outro fora hasta que Xuan da Burra quedóu cuas patas d'atrás, ye dicía él que se era el millor del carneiro ye qué sei eu qué. El caso é qu'a pena nun zarróu del todo ye polo furaquín metéuse Xuan dos Pinos amarrado con úa corda ye díxolles que se sintía medo había tocar úa campanía que levaba con él ye qu'el subisen tirando da corda. Dician que se a pena esa era el furado qu'había na Pena'l Coto Camba, eiquí en Grandas. El caso é que

Xuan dos Pinos foi baxando hasta que nun viu nada ye tocóu a campania pra qu'el subisen. Baxóu despóis Xuan dos Bois ye pasóulle igual, però baxóu al cabo Xuan da Burra ye dixóu él: "Non, pois eu vou dar col misterio este". Baxóu pola corda ye botóu a andar. Iba tocando a campania y andando. Chegóu a un sito unde chovía muito por él e despóis a outro unde apedriaban porriba d'él, però el siguíu pra delante. Ye chegóu a unde taban tres doncellas encantadas mui guapas. Úa encantárala un xigante, outra ún que chamaban Feliciano y outra, que lle gustaba a él, encantárala el mesmo demo. Xuan da Burra foi sacándolas todas però a última, a que lle gustaba, nun podía sacala. Díxolle ela: "Ha chegar el diablo ye vas ter qu'amarrarte con él, bache ofrecer tres espadas, úa de marfil, outra d'ouro, però tu colle úa que ta toda ferruñenta, a máis sedada: esa nun ha romper". Namáis dicilo, presentóuselle el Demo con tres espadas pra peliar con él. Colléu Xuan a de ferro y ¡pin-pan!, cortóulle úa orella al Demo, ye tiróuse al tarrén e veña a berrar qu'el deixara ye tal e cual, qu'el obedecíalle en todo se el deixaba. Xuan da Burra pañóu a orella ye metéula no bolso. Quixo salir cúa doncella da pena però taba pechada. Sacóu a orella del bolso, mordéula ye desiguída parecéuselle el diablo pidíndolle que nun lle mordese a orella: "¿Qué queres?", "Qu'abras a pena". E dito e feito. Saliu cúa moza y as outras dúas docellas pra os compañeiros. Volvéu mordela orella al diablo ye... "¿Qué queres agora?", "Quero un palacio pra vivir cúa moza". Y el demo fezo un palacio y así todo, ouro e prata... ¡Ja de Dios! Però os outros tiánlle envidia porque Xuan da Burra vivía nun palacio y ellos eran probes, así que dixeron ellos: "Vamos matalo" ye matáronlo y enterráronlo.


Unde el enterraron nacéu un árbol mui guapo y un día foron ellos e cortaron úas canas pra facer un xipró ou úa gaita. Suaba muito ben, però dixóu el xipró: "Nun me toques, nun me toques, qu'a flor del piriñ me matachê", ye claro, descubriúse todo ye prendéronlos. Nun sei qué yes fairian, mataríanlos pol crime que feceran con Xuan da Burra".

Hasta aquí a versión d'este conto de Balbía. Hai muitas outras: en Caliao (Casu) son Xuan l'Oso, xunta Asoplamocos y Arrincafayes, os que s'enfrentan al Diablo, conocido aquí como el Pecáu Sabadiegú¹. Tamén como Xuan l'Osu parez en Pigüeces (Somiedu)². Úa versión con outros episodios amecidos parecén en Irrondu, Bisuyu (Cangas del Narcea)³. Tamén hai dalgúas versións en Llión, Estremadura, etc. Na versión de Pigüeces, Xuan l'Osu é fiyo d'úa moza del llugar y un oso, mesma orixe que dan a este personaxe nos Pirineos, na rexón de Sault (Aude). Xuan y súa madre vivían na Cerdaña, na Cova de Tártera. El vasco Jaun Artz (Xuan el Oso) tamén tuvo dalgúas aventuras nos valles euskeras: a súa forza tremenda era por causa de que lo amamantara úa osa. Nun hai qu'esqueicer qu'en Asturias tamén temos hestorias unde el oso parez como animal protector, cuasamente totémico. Por exemplo, a fundadora del Monasterio de Curniana (Salas) dizse que la criara úa osa y asina ta tallada na portada románica del iglesia⁴.

En Luzenac (Ariège), Xuan el Oso salva a úa moza d'un dragón de sete cabezas y nel Rosellón Joan d'Os fexo úa escaleira de pedra nel Canigó, desde el Pico de Barbet a Portella de Valmanya. A figura del oso ta relacionada cúa fecundidá y a forza y asina parez nas mazcaradas d'inverno de Bigorra y Rosellón⁵ col mesmo sintido que ten nos faragayóis d'antroido asturianos y na *vinajera* de Cantabria.

El tema del héroe enfrenta col diablo parez tamén como motivo folklórico europeo. Por exemplo, nel *Hogar peligroso* (finales del s. XIII), el caballeiro Galván ceiba a úa moza que taba presa pol diablo nua tumba por encantamento. Galván escoye espadas y tumba al diablo cortándoye a testa. Aquel diablo acababa col país roubando y matando gao da xente. Pa Claude Lecouteux⁶ esto nun deixa de ser a cristianización d'úa llenda xermánica muito máis veyá, a del héroe qu'entra nel túmulo funerario unde ta el difunto col axuar, unde hai espadas maraviosas y as mesmas mueres y concubinas del morto enterradas con él. Como é avezo nas llendas xermánicas, el difunto nun morre dateito senón que vive outra vida, pelia col héroe y nun pode con él, y d'este xeito el héroe solta á moza ou mozas encantadas. Os difuntos son xigantes que tein muita forza y son mouros como el acebache. Con esa traza salen na *Saga da xente del Flot*, que cunta hestorias d'aparecidos en Greoelandia alrededor del ano 970, ou na *Saga de Grettir*. Todas acabaron cristalizándose nel *Poema de Beowulf*, redactao nel ano 1000 però que fala de llendas dos ss. VI ou VII. Nel, el monstro Grendel, qu'antano era un difunto, un morto xigante y mouro, acaba feito "enemigo da humanidá", quere decir, el diablo. Anque nun salen as mozas encantadas si parecen as espadas, a cova misteriosa y el dexobeiro qu'amaña este diablo—neste caso vidas humanas y non a merenda de Xuan el Oso—.

Otro tema que parez en ben de contos romancescos é el da fruta feita col árbol que medra derriba da tumba ou a frecha cos ósos del difunto qu'acaba acusando a os criminales.

Como ben se pode ver, nun conto que podíamos pensar inocente sin máis, podemos atopar restos d'outras llendas y d'otros siglos que nos poden llevar mui llonxe del llugar unde nolo cuntaron, fendonos precatarnos del muito que queda por fer y estudiar na tradición oral asturiana, el interesantes que son os estudios comparativos con outros poblos y culturas, os temas universales nel folklore, etc. Y, como sempre, el pouco interés da Universidad por estos temas y el axina que se van perder y esqueicer cúa xeneración dos nosos bolos y bolas. 

NOTAS:

- 1 Recoyido el 16-5-1998 de boca d'Arcadio Calvo, de 71 años.
- 2 Recoyido por Suso Suárez el 14-8-1996 a Celestina Colao Fernández, de 76 años.
- 3 Recoyido por Fernando de la Puente Hevia el 8-12-1992 a Filomena González.
- 4 Recoyido el 15-9-1998 de boca de Francisco Álvarez, de 76 años, nacido na Rodriga (Salas).
- 5 Olivier de Marliave, *Pequeño Diccionario de Mitología Vasca y Pirenaica*, Barcelona, 1995
- 6 *Fantasmas y Aparecidos en la Edad Media*, Barcelona, 1998).